

DOCENTE:

Rosa Calvo Sargadoy (M-01644)

Doutora en Psicoloxía, conta con máis de 30 anos de experiencia en tratamentos de Trastornos da Conduta Alimentaria (TCA). Psicóloga clínica no Servizo de Psiquiatría e Psicoloxía Clínica do Hospital Universitario La Paz, dirixe varios programas de tratamento para TCA, como “A despensa emocional” para persoas con trastorno por atracón e obesidade ou “Tratamento para TCA: modelo de capacitación cognitivo/emocional (fMeCER)” para persoas con anorexia e bulimia. Responsable da Unidade de TCA en adolescentes e pacientes de longa duración do Hospital Universitario de La Paz, elaborou varias guías e probas para a avaliación e o asesoramento sobre trastornos da conduta alimentaria.

Consultora e asesora para a creación de unidades de tratamento de anorexia e bulimia realizadas por diferentes asociacións de pacientes e familiares. Conta con ampla experiencia docente e de supervisión de casos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer as bases teóricas do modelo de abordaxe dos TCA utilizado no Hospital Universitario La Paz (Madrid).
- Coñecer as características cognitivo-emocionais típicas nas persoas con TCA de longa evolución e nas súas familias.
- Ofrecer unha introdución ao tratamento das dianas terapéuticas a abordar nestes casos mediante a presentación de contidos teóricos e exercicios prácticos.

METODOLOXÍA:

O curso constará dunha parte de exposición teórica sobre os elementos principais do modelo de intervención e outra de presentación e análise de exemplos prácticos, con traballo sobre casos clínicos e sobre estratexias prácticas de intervención.



CURSO: TRATAMENTO DOS TRASTORNOS DA CONDUCTA ALIMENTARIA CRONIFICADOS

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do *Sistema Nacional de Salud*



Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

Docente:
Rosa Calvo Sargadoy

Organiza:
**Sección de Psicoloxía e Saúde do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**

Coordinadoras:
**María Blanco Suárez
Mercedes Fernández Cabana**

DURACIÓN:

12 horas.

DATAS:

1 e 2 de xuño de 2018.

LUGAR:

Salón de actos do Hospital Marítimo de Oza (A Coruña).

Nº DE PRAZAS:

40.

HORARIO:

Venres, 1 de xuño de 16:30 a 20:30 horas; Sábado, 2 de xuño de 09:30 a 14:00 horas e de 15:30 a 19:00 horas.

PREZOS:

Psicólogos/ as Colexiados/as: 60,00 €

Psicólogos/as Colexiados/as socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde: 48,00 €

Psicólogos/as Colexiados/as demandantes de emprego e estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía: 30,00 €

Psicólogos/as non Colexiados/as: 120,00 €

* Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para Colexiados e Colexiadas desempregadas.

Bases no seguinte enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_ formacion_para_Colexiados_e_Colexiadas.pdf

INSCRICIÓN:

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos Colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición. Deberase estar ao corrente no pago das cotas Colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e **a tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non Colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía. Para acceder á actividade será necesario acreditarse con carné Colexial ou o Documento Nacional de Identidade. Último día de inscrición: **23 de maio de 2018**.

PROGRAMA:

Venres, 1 de xuño

De 16:30 a 20:30 horas

• BLOQUE I. Introducción

- Breve introdución de bases teóricas do modelo de capacitación familiar cognitivo / emocional para o tratamento dos Trastornos da Conduta Alimentaria.
- Características cognitivo / emocionais dos/as pacientes de longa evolución.
- Factores preditores de posible interferencia ao cambio nestas persoas.
- Variables de cambio no proceso de recuperación.

Sábado, 2 de xuño

De 09:30 a 14:00 horas e de 15:30 a 19:00 horas

• BLOQUE II. Aplicación práctica

- Etapas e niveis de intervención en función da situación clínica.
- Dianas terapéuticas a abordar no tratamento dos TCA.
- Capacitación cognitivo – emocional das familias.
- Presentación de casos prácticos.

OBXECTIVO XERAL:

O curso pretende ser unha introdución ao modelo de capacitación familiar cognitivo / emocional para o tratamento dos Trastornos da Conduta Alimentaria. As persoas asistentes adquiriran coñecementos teóricos e prácticos deste modelo, así como habilidades terapéuticas para aplicalo na súa práctica clínica.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN CURSO : TRATAMENTO DOS TRASTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA CRONIFICADOS

NOME E APELIDOS

TFNO. E-MAIL

Nº DE COLEXIADO/A

ENDEREZO

CIDADE E C.P.

PROFESIÓN CENTRO DE TRABAJO

N.I.F

Socio/a da Sección de Psicoloxía e Saúde

Solicita factura (achegar os datos fiscais)

XÚNTASE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE IBAN Nº ES64-2080-0316-2330-4000-8164 DE ABANCA

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de "Actividades e servizos para os/as Colexiados/as" no que se inclúiran os teus datos profesionais e persoais unha vez inscrito/a no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente Colexial e para organismos afíns a este Colexio.

Non autorizo ao COPC a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio.

No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadró.

Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a copgalicia@copgalicia.gal.